



ACLARACIÓN DE MOTIVOS (CONTINUACIÓN)

**MARCO NORMATIVO**

ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato

No caso de que exista desacordo coa cualificación final obtida nunha área ou materia, o alumno/a ou os seus pais ou tiores poderán solicitar por escrito, a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

A solicitude de revisión conterà cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada. Será tramitada a través da xefatura de estudos. A solicitude trasladarase ao equipo docente ou ao departamento didáctico responsable da materia ou ámbito con cuxa cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia á persoa docente.

No primeiro día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, o departamento didáctico analizará as solicitude de revisión recibida e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

O departamento didáctico correspondente trasladará o informe elaborado á xefatura de estudos, quen comunicará por escrito como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso, hábil, ao alumnado, ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará desta ao titor ou titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado co xustificante de recepción pertinente

Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro, a xefatura de estudos e o titor ou titora considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria o equipo docente co fin de que este valore a necesidade de revisar as decisións adoptadas.

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.